

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 7 DE SETEMBRO DE 2016.**

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 7 de setembro de 2016, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN. (PSG-PSOE).

JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE).

MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA (PSG- PSOE).

MARÍA DEL CARMEN REY TÚÑEZ (PSG- PSOE).

JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE).

JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE).

FRANCISCO JAVIER BLANCO SÁNCHEZ. (PSG-PSOE).

MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ (PSG- PSOE).

JOSÉ DAVID GARCÍA ARCOS. (PP).

SATURNINO ABETE REDONDO (PP).

XOSÉ LUIS PENAS CORRAL (BNG).

XESÚS PENA ESPIÑA. (concelleiro non adscrito)

Secretario: JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, secretario do concello.

Asiste a interventora do concello MARGARITA FERNÁNDEZ SOBRINO.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

---

1º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 10.06.2016 AO 02.09.2016.

2º) APROBACIÓN DE PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A CONTA XERAL DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE 2015.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE FESTIVOS LOCAIS PARA 2017.

4º) MOCIÓNS.

5º) ROGOS E PREGUNTAS.

---

**1º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 10.06.2016 AO 02.09.2016.**

Pola alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da

relación de decretos que de seguido se transcriben en extracto, coa observación de que o decreto do 01.09.2016 de convocatoria de Xunta de Goberno Local para o 02.09.2016 non figura na relación por erro, dándose conta neste momento, integrándose na listaxe.

10.06.16.- Incluir no padrón do lixo do ano 2016 unha modificación do obxecto tributario e da cota tributaria dunha empresa.

10.06.16.- Autorización, disposición e liquidación da cantidade correspondente á parte proporcional da paga extraordinaria do exercicio 2012 de traballadores do concello que na actualidade non se atopan prestando servizos nesta administración.

13.06.16.- Contratación dun condutor e un peón de obras para a obra de mantemento de pistas municipais incluídas no POS 2016.

14.06.16.- Aprobación do padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar básica do mes de maio de 2016.

14.06.16.- Aprobación do padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar dependencia do mes de maio de 2016.

14.06.16.- Aprobación do plan de seguridade e saúde da obra de: Proxecto de mantemento e mellora de diversas pistas municipais do Concello de Brión, aldea de Goiáns, aldea de Ombre, aldea de Vilar e tramo de conexión con Esparís (POS 2016).

14.06.16.- Aprobación do plan de seguridade e saúde da obra de: Proxecto de mantemento de beirarrúas nas parroquias de Bastavales e Os Anxeles.

14.06.16.- Acordo do inicio das obras de mantemento e mellora de diversas pistas municipais do Concello de Brión, aldea de Goiáns, aldea de Ombre, aldea de Vilar e tramo de conexión con Esparís, para o 15 de xuño.

14.06.16.- Acordo do inicio das obras de mantemento de beirarrúas nas parroquias de Bastavales e Os Ánxeles, para o 15 de xuño.

14.06.16.- Aprobación do gasto por asistencias a sesións do Pleno da corporación, Xuntas de Goberno e Comisións correspondentes ao período de 1 de xaneiro ao 31 de maio de 2016.

14.06.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 31.192,21 euros ( Mancomunidade Serra do Barbanza).

15.06.16.- Delegación especial na concelleira Yolanda Bouzas Alfonsín para a autorización da celebración do matrimonio civil que se vai realizar o día 18 de xuño.

15.06.16.- Solicitud de adhesión ao convenio suscrito entre a Consellería de Facenda, a Axencia Tributaria de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a asistencia no exercicio de competencias relativas ao procedemento de regularización catastral.

15.06.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 12.674,50 euros (facturas varias).

15.06.16.- Aprobación de bases de contratación de sete peóns de obras.

16.06.16.- Aprobación dos axustes derivados da redución do número de alumnos/as traballadores/as do Obradoiro de Emprego "ACCEDE" e reaxuste da contía da subvención.

16.06.16.- Aprobación da solicitude de subvención para a creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas, mediante proxectos de aforro e eficiencia enerxética na Administración local, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

16.06.16.- Aprobación de concesión dun anticipo do 50% da subvención nominativa concedida á Escola de Educación Infantil de A Igrexa.

16.06.16.- Aprobación de concesión dun anticipo do 50% da subvención nominativa concedida á Escola de Educación Infantil de Sabaxáns.

16.06.16.- Aprobación do expediente de MC 16/2016.

16.06.16.- Aprobación do expediente de MC 17/2016.

16.06.16.- Aprobación da cota de adhesión á Asociación Terras de Compostela.

16.06.16.- Aprobación da liquidación dunha licenza de obra maior.

17.06.16.- Cambio de titulares no padrón de recollida do lixo do ano 2016.

17.06.16.- Acompañamento de dúas traballadoras municipais en comisión de servizos á actividade “Excursión dos Maiores a Portugal”.

20.06.16.- Declarar definitivo o acordo de aprobación do Plan Económico - Financeiro do Concello de Brión para o período 2016-2017.

20.06.16.- Aprobación inicial do padrón do lixo para o ano 2016.

20.06.16.- Cancelación do aval do contrato de servizos de escolas de música 2014-2015.

20.06.16.- Devolución de fianza do contrato de servizos en materia de recurso humanos.

20.06.16.- Cancelación do seguro de caución do contrato de obras de canalización de saneamento desde a rede municipal á depuradora de Ortoño.

20.06.16.- Cancelación do aval do contrato de servizos de limpeza e socorrismo na piscina de Bastavales 2015.

21.06.16.- Remisión de copia do expediente administrativo ao Xulgado Contencioso - Administrativo núm. 1 da Coruña, polo recurso contencioso – administrativo (Procedemento ordinario 00000182/2016 M) interposto contra resolución da concesión de licenza de obra para a construción dunha residencia escola para a atención de animais domésticos en Bastavaliños.

21.06.16.- Encomendar a defensa e representación do concello no recurso contencioso – administrativo (Procedemento ordinario 00000182/2016 M) ao letrado Carlos Abal Lourido.

21.06.16.- Autorización para a celebración dunha festa no lugar de A Igrexa - Viceso, os días 23 e 24 de xuño.

21.06.16.- Inicio expediente sancionador de tráfico.

21.06.16.- Contratación de tres educadoras durante o día 23 de xuño por asistencia a exame de catro traballadoras da escola infantil.

22.06.16.- Remisión de copia de expediente administrativo ao Tribunal Superior de Xustiza, polo recurso contencioso – administrativo interposto contra o acordo do Pleno do concello do 20 de abril de 2016, polo que se desestima a alegación presentada no trámite de exposición pública do orzamento.

22.06.16.- Encomendar a defensa e representación do concello no recurso contencioso – administrativo anterior ao letrado Ramón Valentín López Rey.

22.06.16.- Adxudicación do servizo de Difusión do III Plan de Igualdade entre Homes e Mulleres do Concello de Brión 2016-2019, á entidade Empresa de Estudos Sociais de Galicia SL.

22.06.16.- Convocatoria de sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local para o 23 de xuño.

22.06.16.- Aprobación do o expediente de MC 18/2016.

22.06.16.- Pago da extra do mes de xuño.

22.06.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 318,22 euros (cota anual FEGAMP).

22.06.16.- Aprobación de concesión dun anticipo do 50% da subvención nominativa concedida a EEI de Os Ánxeles.

22.06.16.- Aprobación da conta xustificativa da Asociación Mulleres Xuntanza por importe de 2.100 €

22.06.16.- Contratación de dous peóns para a obra de mantemento de camiños nas aldeas de Liñares e pistas de comunicación entre as aldeas do Casal e Tembra.

22.06.16.- Inicio procedemento sancionador de tráfico.

23.06.16.- Anulación de 4 recibos do IBI dos exercicios 2012-2015 por cambio de titularidade.

23.06.16.- Contratación de dous peóns para a obra de limpeza e mantemento de zonas verdes e espazos públicos.

28.06.16.- Baixa no servizo de axuda no fogar dunha veciña.

29.06.16.- Cambio de titular dun veciño no padrón de recollida do lixo do ano 2016.

29.06.16.- Aprobación das liquidacións das taxas da Xunta de Goberno Local celebrada o 23 de xuño.

29.06.16.- Pago de nóminas de mes de xuño.

29.06.16.- Autorización, disposición e liquidación da cantidade correspondente á parte proporcional da paga extraordinaria do exercicio 2012 de 3 traballadores do concello que na actualidade non se atopan prestando servizos nesta administración.

29.06.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 1.695,00 euros ( Xunta, campamento xuvenil).

29.06.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 5.140,05 € (Castañeira Ferreira, José Manuel)

29.06.16.- Aprobación da factura nº 1/83 da Librería Mainomen SL que se corresponde co vale primeiro premio entroido 2016.

29.06.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 105.172,57 € (facturas varias).

29.06.16.- Convocatoria Xunta de Goberno Local a celebrar o 30 de xuño.

29.06.16.- Pago de produtividade.

29.06.16.- Recoñecemento de trienios a dous traballadores.

30.06.16.- Adxudicación á empresa Feiraco Sociedad Cooperativa Galega do contrato de suministro de gasóleo A para os vehículos e maquinaria municipais e gasóleo C para calefacción.

30.06.16.- Altas padrón de habitantes do mes xuño.

30.06.16.- Baixas padrón de habitantes do mes xuño.

30.06.16.- Adxudicación á empresa Montserrat Mella Otero ( Speak Galicia ) do contrato de servizos de: Docencia dos cursos de lingua inglesa, francesa e alemá da aula de idiomas.

01.07.16.- Devolución de facturas á empresa Electricidade Cruceiro SL

01.07.16.- Devolución de facturas á empresa Electricidade Cruceiro SL

01.07.16.- Adquisición de munición para dotación e prácticas de tiro para a policía municipal durante este ano 2016.

01.07.16.- Adscrición de persoal para realizar os traballos de tratamentos preventivos en vías, camiños e outras superficies forestais de titularidade municipal.

04.07.16.- Inicio do procedemento de adxudicación do contrato do servizo de limpeza no edificio da Escola Infantil dos Ánxeles.

06.07.16.- Aprobación das liquidacións das taxas da Xunta de Goberno Local celebrada o 30 de xuño.

07.07.16.- Inicio do procedemento de adxudicación dos contratos de obras incluídas no Plan de acción social ( PAS ) 2015.

07.07.16.- Adxudicación á empresa Eulogio Viñal Obras y Construcciones SA da execución do contrato de obras de: Proxecto de mantemento de diversas pistas municipais de acceso a explotacións agrarias no Concello de Brión, polo prezo de 82.343,51 euros, IVE incluído.

07.07.16.- Adxudicación á empresa Eulogio Viñal Obras y Construcciones SA da execución do contrato de obras de: Proxecto de ampliación/acondicionamento de cunetas, rede municipal de pluviais en diversas pistas municipais ( Lamiño, Liñares e Vioxo - Luaña), polo prezo de 78.192,33 euros, IVE incluído.

08.07.16.- Inclusión dunha veciña ao programa de xantar na casa.

11.07.16.- Elevar a definitivo o acordo de aprobación do expediente de modificación de créditos 14/2016.

11.07.16.- Elevar a definitivo o acordo de aprobación do expediente de modificación de créditos 15/2016.

11.07.16.- Aprobación do expediente de contratación e pregos de cláusulas administrativas das obras incluídas no Plan de acción social ( PAS ) 2015.

11.07.16.- Aprobación do expediente de contratación e pregos de cláusulas administrativas do servizo de limpeza no edificio da Escola Infantil dos Ánxeles.

11.07.16.- Autorización para a celebración dunha festa no lugar de A Igrexa - Bastavales, os días 15 e 16 de xullo.

11.07.16.- Autorización para a celebración dunha festa no lugar de A Igrexa - Luaña, o día 17 de xullo.

11.07.16.- Aprobación da lista de beneficiarios do banco de alimentos.

11.07.16.- Aprobación expediente modificación de crédito MC 19/2016.

11.07.16.- Contratación de sete peóns de obras e limpeza viaria.

11.07.16.- Inicio expediente sancionador de tráfico.

12.07.16.- Aprobación do Plan provincial de medio ambiente (PMA) 2016 polo importe de 45.804,11 €

12.07.16.- Adxudicación de horas dispoñibles aos usuarios que na actualidade están de alta no SAF dependencia.

12.07.16.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de xullo.

12.07.16.- Aprobación do padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar básica do mes de xuño.

12.07.16.- Aprobación do padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar dependencia do mes de xuño.

12.07.16.- Concesión de emerxencia social a un veciño.

- 13.07.16.- Remisión de expediente ao Xulgado Contencioso - Administrativo polo recurso interposto por unha veciña contra resolución deste concello, pola que se da por rematado o expediente de reposición da legalidade urbanística tramitado polo concello.
- 13.07.16.- Personación do concello no procedemento citado anteriormente encomendando a defensa e representación ao letrado Carlos Abal Lourido.
- 13.07.16.- Aprobación inicial do padrón fiscal da subministración de auga, saneamento, depuración de augas residuais e canon de auga, correspondente ao 2º trimestre.
- 14.07.16.- Inicio expediente sancionador de tráfico.
- 15.07.16.- Aprobación expediente modificación de crédito MC 20/2016.
- 15.07.16.- Aprobación de axustes e reaxuste da contía da subvención do Programa InserAmes Brión IX.
- 15.07.16.- Inicio do procedemento de adxudicación de instalación de biomasa en distintos locais do concello.
- 15.07.16.- Aprobación da facturación correspondente ao mes de xullo de 2016 polo canon mensual do contrato administrativo especial de explotación da cafetería do centro da terceira idade.
- 15.07.16.- Baixa de oficio de tres veciños no Programa de Axudas ao Transporte.
- 15.07.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 31.192,21 euros ( Mancomunidade Serra do Barbanza ).
- 15.07.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 13.468,79 euros (Gas Natural SUR SDG, SA).
- 15.07.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 76.440,01 euros (facturas varias).
- 15.07.16.- Devolución de aval bancario á empresa Eulen SA polo contrato de servizos de escolas culturais e escolas de música.
- 15.07.16.- Redución do endebedamento de acordo con Plan de aforro e investimento (PAI 2016).
- 15.07.16.- Aprobación do padrón de prezos públicos dos servizos culturais, educativos e de ocio 2º prazo 2015-2016.
- 15.07.16.- Aprobación do padrón de prezos públicos das actividades de formación - idiomas 2º e 3º trimestre 2015-2016.
- 15.07.16.- Aprobación do padrón de prezos públicos das actividades de prevención e inserción 2015-2016.
- 15.07.16.- Aprobación do padrón de prezos públicos das actividades de escola de música do 1º, 2º e 3º trimestre do curso 2015-2016.
- 18.07.16.- Cambio de titulares no padrón de recollida do lixo do ano 2016.
- 18.07.16.- Aprobación do expediente de contratación e prego de cláusulas administrativas do servizo de escolas musicais 2016/2017.
- 18.07.16.- Aprobación da modificación do contrato de servizo de axuda no fogar formalizado coa empresa Atendo Calidade SL.
- 18.07.16.- Comisión de servizos dun traballador para a excursión da mocidade a Punta Umbría 2016.
- 19.07.16.- Aprobación do expediente de contratación de tres subministros de biomasa.

19.07.16.- Aprobación definitiva do padrón de recollida do lixo correspondente ao ano 2016.

19.07.16.- Convocatoria de sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local para 20 de xullo.

19.07.16.- Pagamento das declaracións trimestrais correspondentes ao IRPF 2º trimestre de 2016.

21.07.16.- Paralización das obras consistentes na execución de perforacións para a construción dun pozo no lugar de Guitiande.

21.07.16.- Aprobación do plan de seguridade e saúde da obra de: Ampliación/acondicionamento de cunetas, rede municipal de pluviais en diversas pistas municipais ( Lamiño, Liñares e Vioxo-Luaña).

21.07.16.- Aprobación do plan de seguridade e saúde da obra de: Proxecto de mantemento de diversas pistas municipais de acceso a explotacións agrarias no Concello de Brión.

22.07.16.- Inicio expediente limpeza de fincas en Liñares.

22.07.16.- Pago de nóminas.

22.07.16.- Inicio expediente limpeza de fincas en Souto.

22.07.16.- Inicio expediente limpeza de fincas en Sabaxáns.

22.07.16.- Inicio expediente limpeza de fincas en Rúa Senra.

22.07.16.- Contratación do servizo de catering para a festa dos maiores ao Restaurante A Magdalena SL.

22.07.16.- Pago produtividade a laborais ano 2015.

26.07.16.- Aprobación de expediente de contratación e prego de cláusulas administrativas do servizo de escolas culturais.

27.07.16.- Aprobación de expediente de contratación e prego de cláusulas administrativas do subministro de: Instalación de biomasa no edificio que alberga a biblioteca municipal, a aula CEMIT e a policía local.

28.07.16.- Autorización para a celebración da festa de San Xulián no lugar de A Igrexa, Luaña, o día 11 de agosto.

28.07.16.- Adxudicar á empresa Alberto Sampedro Martínez a instalación de biomasa na escola de música de Brión, no local da banda de música e no local social dos Ánxeles.

29.07.16.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa de saneamento e depuración de augas residuais.

29.07.16.- Adquisición mediante compravenda á Consellería de Facenda do inmovible da antiga cámara agraria local.

29.07.16.- Autorización para a celebración dunha festa no lugar de San Salvador- Bastavales, os días 4 e 5 de agosto.

29.07.16.- Concesión de licenza para a tenza de can perigoso a un veciño.

29.07.16.- Desestimación de recurso de reposición en materia de tráfico interposto por unha veciña.

29.07.16.- Desestimación de recurso de reposición en materia de tráfico interposto por unha veciña.

01.08.16.- Altas no padrón de habitantes do mes de xullo.

01.08.16.- Baixas no padrón de habitantes do mes de xullo.

- 01.08.16.- Aprobación das liquidacións das taxas da Xunta de Goberno Local celebrada o 20 de xullo.
- 03.08.16.- Designación dos lugares especiais para a colocación gratuíta de carteis de propaganda electoral para as vindeiras eleccións autonómicas de 25 de setembro.
- 03.08.16.- Designación dos locais oficiais para celebración de actos de propaganda electoral dos partidos políticos para as vindeiras eleccións autonómicas de 25 de setembro.
- 03.08.16.- Contratación do servizo de: Transporte do campamento de verán 2016, á empresa autocares Modesto Riveiro S.L.
- 03.08.16.- Contratación do servizo de: Campamento infantil verán 2016, do 15 ao 27 de agosto a Abofé, Educación E Cultura.
- 04.08.16.- Resolución de procedemento sancionador de tráfico.
- 05.08.16.- Aprobación do padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar básica do mes de xullo.
- 05.08.16.- Aprobación do padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar dependencia do mes de xullo.
- 05.08.16.- Inadmisión a trámite de solicitude presentada por un veciño por ser un asunto privado de relacións de veciñanza regulado polo dereito civil.
- 05.08.16.- Pago de 771 € á Axencia Tributaria polo procedemento de embargo a unha empresa.
- 05.08.16.- Devolución de aval á empresa Eulogio Viñal Obras y Construcciones pola obra de: Mellora e mantemento de camiños rurais interiores e pistas de comunicación entre distintos núcleos do concello de Brión.
- 05.08.16.- Devolución de fianza depositada na tesourería municipal por un veciño como garantía das obras de construción dun edificio destinado a local comercial e garaxe no lugar de Sabaxáns.
- 05.08.16.- Devolución de ingresos a unha veciña polo prezo público da actividade de ruta de sendeirismo de A Pontenova.
- 05.08.16.- Devolución de ingresos a unha veciña polo prezo público da actividade de ruta de sendeirismo a Laxe.
- 05.08.16.- Devolución de ingresos a un veciño polo prezo público da actividade de excursión dos maiores a Portugal.
- 05.08.16.- Devolución de ingresos a unha veciña polo prezo público da actividade de escolas musicais.
- 05.08.16.- Devolución de ingresos a unha veciña polo prezo público da actividade de excursión dos maiores a Portugal.
- 05.08.16.- Modificación da solicitude da transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais.
- 09.08.16.- Adxudicar á empresa Limpiezas Salgado SL, a execución do contrato de servizos de limpeza da escola infantil dos Ánxeles.
- 10.08.16.- Inicio expediente de limpeza de fincas en Chave de Carballo.
- 10.08.16.- Inicio expediente de limpeza de fincas en Sanín.
- 10.08.16.- Concesión de licenza para a tenza de can perigoso a un veciño.



11.08.16.- Aprobación definitiva do padrón fiscal conxunto das taxas por servizos de subministración de auga, saneamento, depuración de augas residuais e canon de auga, correspondente ao 2º trimestre.

11.08.16.- Adxudicación á empresa Alberto Sampedro Martínez da execución do contrato de suministro de: Instalación de biomasa no edificio que alberga a biblioteca municipal, a aula CEMIT e a policía local.

11.08.16.- Inicio expediente de limpeza de fincas en Liñares.

11.08.16.- Resolución expediente sancionador de tráfico.

12.08.16.- Concesión de licenza para a tenza de can perigoso a un veciño.

12.08.16.- Adxudicación á empresa Barbatana SL da execución do contrato de servizos de escolas musicais 2016-2017.

12.08.16.- Inicio expediente de limpeza de fincas en Baliño.

12.08.16.- Inicio expediente de limpeza de fincas en Perros.

12.08.16.- Concesión de licenza para a tenza de can perigoso a un veciño.

12.08.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 55.148,66 € (facturas varias).

16.08.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 8.986,49 € (facturas varias).

16.08.16.- Aprobación de certificación de obra e pago de factura da obra de: Instalación pavimento continuo en parque infantil na aldea de Guitiande, á empresa Jardinería Arce polo importe de 25.157,05 €.

19.08.16.- Adxudicar á empresa Barbatana SL, a execución do contrato de servizos de escolas culturais 2016-2017.

23.08.16.- Autorización para a celebración dunha festa no lugar de O Tremo - Os Ánxeles, os días 30 e 31 de agosto.

25.08.16.- Autorización para a celebración dunha festa no lugar de A Graña - Cornanda, o día 28 de agosto

25.08.16.- Autorización para a celebración dunha festa no lugar de Chave de Ponte-Bastavales, os días 27 e 28 de agosto.

26.08.16.- Convocatoria de sesión extraordinaria do Pleno para o vindeiro martes día 30 de agosto.

26.08.16.- Abono da diferenza do específico a un funcionario pola substitución do secretario titular no período de vacacións.

26.08.16.- Abono da diferenza do específico a unha funcionaria pola substitución da interventora titular no período de vacacións.

26.08.16.- Aprobación do proxecto da obra ou servizo denominado: Acondicionamento das instalacións que forman a antiga escola de Esparís.

26.08.16.- Pago de nóminas.

26.08.16.- Aprobación de lista de persoas beneficiarias do banco de alimentos do mes de setembro.

29.08.16.- Aprobación dos gastos da seguridade social do mes de abril e maio 2016.

29.08.16.- Aprobar os gastos da seguridade social que comprende os meses de xaneiro a decembro de 2015.

31.08.16.- Aprobación da lista provisional da adxudicación extraordinaria de prazas para a escola infantil municipal.

31.08.16.- Aprobación da facturación correspondente ao mes de setembro polo canon mensual da cafetería do centro social polivalente.

31.08.16.- Devolución de aval bancario á empresa 2000 Joscon Construcciones do servizo de mantemento e limpeza de contedores soterrados.

01.09.16.- Altas no padrón do mes de agosto.

01.09.16.- Baixas no padrón do mes de agosto.

01.09.16.- Baixa de oficio no padrón de habitantes.

01.09.16.- Baixa no servizo de axuda no fogar dunha veciña.

01.09.2016.- Convocatoria Xunta de Goberno Local para o 02.09.2016.

02.09.16.- Convocatoria de sesión ordinaria do Pleno a celebrar o 7 de setembro e convocatoria da Comisión de Benestar.

O Pleno queda enterado.

## **2º) APROBACIÓN DE PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A CONTA XERAL DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE 2015.**

Dada conta da proposta da alcaldía do 29.08.2016 que transcrita di:

Formulada e rendida a conta xeral do orzamento do concello de 2015, e ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas en sesión de data 22 de xullo de 2016, sometida a exposición pública durante o prazo de quince días hábiles consonte co art. 212 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, mediante anuncio no BOP núm. 143, do 29 de xullo de 2016 e no taboleiro de edictos do concello e non presentándose durante dito prazo e os oito días hábiles seguintes ningunha reclamación, reparo ou observación, segundo certificación de secretaría que consta no expediente, proponse a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar a conta xeral do orzamento do concello de 2015.

2º) Consonte co art. 212 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, rendir a conta xeral para a fiscalización externa ao Consello de Contas de Galicia, ao abeiro do disposto na Resolución do Consello de Contas de Galicia do 1 de xuño de 2016, pola que se ordena a publicación do acordo do Pleno do 31 de maio de 2016, polo que se aproba a Instrución que regula o formato normalizado da conta xeral das entidades locais de Galicia en soporte informático e o procedemento telemático para a súa rendición (DOG do 14.06.2016), debendo remitirse a mesma por intervención.

Debate: Non se produciu.

Sometida a votación a proposta dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2), BNG (1), e concelleiro non adscrito (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

### **3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE FESTIVOS LOCAIS PARA 2017.**

Dada conta da proposta da alcaldía do 02.09.2016 ditaminada favorablemente pola comisión informativa en sesión do 06.09.2016, que transcrita di:

Visto o Decreto 76/2016, do 9 de xuño, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2017 ( DOG 128, do 07.07.2016 ), propoño ao Pleno do concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Propoñer como festivos locais deste concello para 2017 as seguintes datas:

-. O xoves 25 de maio de 2017 ( festas da Ascensión ) e o mércores 27 de setembro de 2017 (Santa Minia).

Debate: Non se produciu.

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2), BNG (1), e concelleiro non adscrito (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

### **4º) MOCIÓNS.**

Non se presentou ningunha.

### **5º) ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se presentou ningunha.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e dez minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde

O secretario

Vº e Prace

José Luis García García

Javier Nieves González